



A exposición

Este documento está dispoñible na páxina web “Cubismo 1907-2007: Cen anos de revolución”, no Portal de Contidos da Xunta (www.edu.xunta.es/contidos) e contén información sobre as características e obxectivos da exposición itinerante, así como as condicións para a solicitude.

Obxectivo xeral

O ano 2007 foi o ano do centenario das *Señoritas de Avignon* de Picasso. Trátase dun aniversario moi especial xa que con este cadro naceu o Cubismo, que é case o mesmo que dicir que naceu de novo a Pintura. Con ese motivo no Departamento de Artes Plásticas do IES A Cachada (Boiro) levamos a cabo unha actividade que consistiu na reprodución por parte dos alumnos de 3º ESO dunha serie de importantes obras cubistas en gran formato. Os lenzos conforman unha exposición que agora poñemos a disposición doutros centros de Galicia que a soliciten. Ademáis, publicamos unha web sobre o Cubismo onde se explican as características deste movemento e os seus principais representantes, estudamos detalladamente cada unha das pinturas da exposición e propoñemos actividades para desenvolver na aula.

► www.edu.xunta.es/contidos

Custo

O préstamo da exposición é gratuito. O centro solicitante tan só terá que facerse cargo dos gastos de transporte e, se se dá o caso, dos desperfectos ou perda dos lenzos.

Transporte

En cada centro dende o que se solicite a exposición designarase unha persoa responsable do material (director ou directora, xefe ou xefa de departamento, profesor ou profesora,...). Esta persoa será a encargada de xestionar o préstamo solicitándoo mediante fax ao IES A Cachada e contratando a axencia de transporte que realice o traslado en caso de non contar cos medios para poder facelo ela mesma.

Características da exposición

A exposición consta de 7 sete lenzos e unha pancarta.

Os lenzos non van montandos sobre bastidor, van simplemente rematados con dous listóns na parte superior e inferior; deste xeito pódense enrolar para o seu transporte.

Divídense en dous grupos:

1. As *señoritas de Avignon* (Picasso). É o maior de todos os lenzos. As súas dimensións son 220 x 206 cm.
2. O resto dos lenzos (6) e a pancarta (1) non superan o metro e medio de lonxitude unha vez enrolados.
 - a. *Arlequín* (Picasso) 185 x 104 cm.
 - b. *Retrato de Josette* (Juan Gris) 173 x 103 cm.
 - c. *Guitarra e froiteiro* (Juan Gris) 113 x 85 cm.
 - d. *Muller e mandolina* (Braque) 132 x 103 cm.
 - e. *Natureza morta* (María Blanchard) 117 x 97 cm.
 - f. *Froiteiro* (Henri Laurens) 100 x 103 cm.
 - g. Pancarta 300 x 102,5 cm.

O segundo grupo pódese levar facilmente nun utilitario pero para o lenzo das *Señoritas* necesítase furgoneta ou vehículo monovolume.

Obrigas do centro receptor

O centro responsabilízase de recoller e embalar os lenzos para o seu traslado de volta ao IES A Cachada ou ao seguinte centro onde se vaian expoñer.

No caso de deterioro notable de material á recepción ou durante a exposición debe comunicarse ao IES A Cachada (ies.acachada@edu.xunta.es).

Formalizar a solicitude

Para formalizar a solicitude débese enviar un fax ao IES A Cachada segundo o modelo que se acompaña.

En caso de dúbidas ou necesidade de información, rógase se poñan en contacto co xefe de departamento de Artes Plásticas do IES A Cachada ou con algún membro do seu equipo directivo a través do teléfono 981 848819 ou correo electrónico ies.acachada@edu.xunta.es.

Catálogo

Estos son os cadros que conforman a exposición e as súas dimensións.

Cubismo

2007 | Cent anos de revolución

PANCARTA

300 x 102,5 cm.



AS SEÑORITAS DE AVIGNON

Pablo Picasso

1907

220 x 206 cm.



MULLER CON MANDOLINA

Georges Braque

1910

132 x 103 cm.



NATUREZA MORTA CUBISTA

María Blanchard

1917

117 x 97 cm



GUIARRA E

FROITEIRO

Juan Gris

1927

113 x 85 cm.



ARLEQUÍN

Pablo Picasso

1915

185 x 104 cm.



RETRATO DE JOSETTE

Juan Gris

1916

173 x 103 cm.



FROITEIRO

Henri Laurens

1918

100 x 103 cm.



SOLICITUDE DE PRÉSTAMO

CENTRO:

POBOACIÓN:

F A X

DE:

CARGO:

CENTRO:

POBOACIÓN:

MAIL:

TELÉFONO:

FAX:

A: Xefe de Departamento de Artes Plásticas do IES A Cachada (Boiro)

ASUNTO: Solicitud de préstamo da exposición **Cubismo 1907-2007 Cen anos de revolución**

DATA:

Como responsable do Departamento _____ do Centro _____

_____ de _____, solicito ao IES A Cachada o préstamo da exposición

Cubismo 1907-2007 Cen anos de revolución durante o mes de _____, facéndome

responsable do seu transporte e coidado durante o período do préstamo.

Asdo.: _____

Imprime e cubre este formulario e envía por fax ao IES A Cachada ao número de fax **981842801**